

PROPOSTA DE INSTRUMENTOS BASE DE AVALIACIÓN PARA CRITERIOS DE AVALIACIÓN COMÚNS NA ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

A continuación preséntase unha batería de instrumentos de avaliación que constitúen unha proposta para valorar os criterios de avaliación comúns —correspondentes aos bloques 1 e 4 do currículo— presentes nas distintas unidades didácticas da programación de PROENS. Estes instrumentos están concibidos como unha base común, útil en calquera unidade ou situación de aprendizaxe, aínda que tamén poden ser adaptados e personalizados segundo as características específicas de cada contexto dentro do proxecto cREAgal.

CA1.1: Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.

Mínimo PROENS: Formular preguntas e realizar predicións razoadas a través da observación.

Lista de cotexo	SI	NON
Formula preguntas sobre un tema específico.		
Realiza predicións razoadas e as explica.		
Propón diferentes opcións como solución.		
Escolle a opción máis axeitada entre varias propostas.		
Detecta problemas de ser o caso, e reformula o deseño da solución.		
Toma as decisións de maneira consensuada tendo en conta as opinións e ideas de todo o equipo.		
Saca conclusións sobre o funcionamento ou non da proposta.		

CA1.2: Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándose en investigacións relacionadas co medio natural.

Mínimo PROENS: Buscar, seleccionar e contrastar información de forma guiada, adquirindo léxico científico básico para as súas investigacións.

CA1.3: Diseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas.

Mínimo PROENS: Diseñar e realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura e rexistrando datos sinxelos.

Escala de Valoración	Moi Ben	Ben	Regular	Mal
Selecciona e contrasta información de fontes seguras e fiables.				
Adquire un léxico científico básico.				
Realiza experimentos guiados de forma individual ou en equipo.				
Emprega instrumentos e dispositivos apropiados para realizar o experimento.				
Rexistra correctamente as observacións e as medicións realizadas.				

CA1.4: Analizar a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.

Mínimo PROENS: Analizar e comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, utilizando unha linguaxe apropiada.

Aspectos a valorar	Perfeccionamento 3	Adquirido 2	En proceso 1	Non adquirido 0
COHERENCIA Contido	<ul style="list-style-type: none"> Diferénciase claramente a idea principal do texto, así como as secundarias. As ideas son claras e precisas. Non se repite no seu discurso. 	<ul style="list-style-type: none"> Distínguese a idea principal do texto. As ideas son claras, pero con certos toques de imprecisión. Amosa algunha repetición illada na súa expresión oral. 	<ul style="list-style-type: none"> Mistura a idea principal coas secundarias da redacción. As ideas son imprecisas e dubitativas na expresión do texto. Repítese como máximo 3 veces. 	<ul style="list-style-type: none"> Non se diferencian as ideas do texto, nin principais nin secundarias. Non ten precisión na redacción nin claridade (non se entende en ningún momento o contido do texto). Presenta continuas repeticións.
COHERENCIA Sentido global	<ul style="list-style-type: none"> Discurso con sentido de principio a fin sen ningún erro na lóxica interna. Explica os pasos seguidos na investigación ordenados cronoloxicamente. 	<ul style="list-style-type: none"> Discurso con sentido, pero con algún erro no desenvolvemento do mesmo. Explica os pasos seguidos na investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> Amosa intencionalidade no sentido, pero non é concreto no discurso do mesmo arrodeando a idea que quere dicir. Sáltase algún paso seguido na investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> Discurso sen sentido en ningunha parte do mesmo. Non nomea os pasos seguidos na investigación.

ADECUACIÓN Vocabulario Científico	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega o vocabulario adecuado á situación, sinónimos... e tema traballado empregando termos específicos de ser o caso. 	<ul style="list-style-type: none"> • O vocabulario é correcto, con expresións adecuadas, pero con falta dalgunha palabra específica e/ou sinónimos das mesmas. 	<ul style="list-style-type: none"> • O vocabulario é escaso, con certas carencias de variedade léxica que enriqueza o discurso. 	<ul style="list-style-type: none"> • Presenta moitas eivas no discurso con falta de variedade de termos e de expresións.
ADECUACIÓN Modo de expresión, velocidade na expresión oral (nervios, claridade, dicción, articulación...)	<ul style="list-style-type: none"> • Exprésase con fluidez, facendo pausas, entoando e vocalizando ben e con expresividade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Exprésase ben pero con certo nerviosismo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Comete algún erro na expresión, na dicción e na fluidez. 	<ul style="list-style-type: none"> • Non se expresa con fluidez, non entoa, non ten boa dicción e/ou non ten expresividade.
COHESIÓN Conectores	<ul style="list-style-type: none"> • Modo de expresión, velocidade na expresión oral (nervios, claridade, dicción, articulación...) 	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega diferentes conectores, pero repite algúns deles. 	<ul style="list-style-type: none"> • Só emprega un par de conectores na expresión. (non ten variedade, é repetitivo). 	<ul style="list-style-type: none"> • Non emprega conectores na súa expresión.

CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.

Mínimo PROENS: Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información e a creación de contidos dixitais sinxelos.

CA4.2 - Expor problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou dunha solución dixital, avaliando as necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos.

Mínimo PROENS: Explicar un problema de deseño sinxelo a través da creación dun prototipo.

CA4.3 - Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de pensamento de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.

Mínimo PROENS: Diseñar posibles solucións aos problemas expostos empregando diferentes estratexias de forma guiada.

CA4.4 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, os dispositivos, as técnicas e os materiais adecuados.

Mínimo PROENS: Desenvolver un produto final utilizando ferramentas e dispositivos sinxelos.

CA4.5 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e proponendo posibles retos para futuros proxectos.

Mínimo PROENS: Comunicar o deseño dun produto final, explicando os pasos seguidos e adaptando a mensaxe ao contexto.

ASPECTOS A VALORAR	100% Perfeccionamento	75% Adquirido	50% (mínimo) En proceso	25% Non adquirido
Utilizar recursos dixitais	Utiliza recursos dixitais de maneira segura e eficiente en actividades diversas para buscar información, comunicarse, crear e reelaborar contidos sinxelos de forma autónoma, individual e en grupo.	Usa recursos dixitais de maneira segura, con boa procura de información e comunicación, e crea contidos simples con algo de apoio.	Usa algúns recursos dixitais de forma guiada, con dificultades na procura de información e comunicación. A creación de contidos é simple e require corrección.	Ten dificultades para usar os recursos dixitais de forma segura e eficiente, con moitos erros na procura de información, na comunicación e na creación de contidos.
Expoñer un problema ou necesidade	Explica claramente un problema relevante, avaliando as necesidades reais da contorna e establecendo obxectivos concretos e ben definidos.	Explica un problema realista tendo en conta varias necesidades do contorno e algunhas ideas para resolvelo.	Explica un problema de deseño sinxelo, indicando algunha necesidade da contorna.	Ten dificultades para explicar un problema de deseño sinxelo a través da creación dun prototipo.
Deseñar	Deseña solucións claras e efectivas para os problemas usando técnicas de pensamento de deseño e computacional, cunha xestión eficiente en proxectos cooperativos.	Propón solucións adecuadas usando algunhas técnicas de pensamento de deseño e computacional, participando activamente en proxectos cooperativos.	Deseña solucións básicas, con algunhas dificultades para aplicar o pensamento de deseño e computacional, e necesita guía na xestión cooperativa de proxectos.	Ten dificultades para deseñar solucións efectivas e aplicar técnicas de pensamento de deseño ou computacional, mostrando pouca participación en

				proxectos cooperativos.
Crear/Desenvolver un produto	Desenvolve un produto eficaz en equipo, probando diferentes prototipos, elixindo o máis axeitado e empregando con seguridade e autonomía os materiais e ferramentas.	Desenvolve un produto funcional en equipo, probando algunhas opcións e empregando as ferramentas de forma segura.	Desenvolve un produto final con axuda, empregando algunhas ferramentas e técnicas adecuadas.	Ten dificultades para presentar un produto final utilizando ferramentas e dispositivos sinxelos.
Comunicar proceso e resultados	Explica con detalle e claridade todo o proceso de deseño, adaptando perfectamente o formato e a linguaxe ao público, e propoñendo retos ou melloras para futuros proxectos.	Explica con orde os pasos seguidos, adaptando ben o formato e a mensaxe ao público e engadindo algunha reflexión.	Comunica o deseño con claridade, facendo unha breve explicación dos pasos e adaptando a linguaxe ao público.	Ten dificultades para comunicar o deseño do produto final, explicando os pasos seguidos e adaptando a mensaxe ao contexto.



“Proposta de instrumentos base de avaliación para criterios de avaliación comúns na área de Ciencias da Natureza” do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)